

*Orde do 21 de xaneiro de 1994 sobre baixa da sucursal da axencia de viaxes Vixes Compostela, S.A., sita na rúa Cardeal Quevedo, 2 de Ourense.*

Visto o escrito remitido á Secretaría Xeral para o Turismo por Fidel Martínez González en representación de *Viaxes Compostela, S.A.*, con domicilio social en r/ Coruña, 13, baixo, Ourense.

Resultando que o interesado solicitou o 12 de febreiro de 1985 a oportuna autorización de apertura dunha sucursal da axencia de viaxes *Viaxes Compostela, S.A.* en Ourense, r/ Cardeal Quevedo, 2.

Resultando que, conforme a dita solicitude, unha vez tramitado o correspondente expediente, esta secretaría xeral resolveu o 26 de marzo de 1985 conceder autorización de apertura da dita sucursal.

Considerando que o 9 de decembro de 1993, o interesado solicitou deste organismo a baixa da mencionada sucursal.

Vista a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o Decreto 155/1989, do 22 de xuño, polo que se aproba o Regulamento das axencias de viaxes de Galicia.

Resolvo, proceder, por petición do interesado, a autoriza-la baixa da sucursal de *Viaxes Compostela, S.A.*, sita en Ourense, r/ Cardeal Quevedo, 2.

Contra esta resolución, o interesado poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 1994.

Dositeo Rodríguez Rodríguez  
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Orde do 22 de decembro de 1993 pola que se autoriza a actuación inspectora dos xefes de servizo de Inspección Tributaria de determinadas delegacións territoriais.*

A Orde do 14 de febreiro de 1992, da Consellería de Economía e Facenda, facultaba a determinados xefes de Servicio de Inspección Tributaria das delegacións territoriais da consellería a realizar certas actuacións inspectoras, non podendo, en tales casos, dictar, así mesmo, as liquidacións tributarias e demais actos procedentes.

Perante a limitación contida no Real decreto 939/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral da inspección dos tributos, a orde distri-

buía as competencias liquidadoras e demais actos entre distintos servicios territoriais.

O nomeamento do xefe de Servicio de Inspección Tributaria da Delegación Territorial da Coruña, a cobertura dos servizos e circunstancias xeográficas, xustifican unha nova redistribución das competencias previstas na Orde do 14 de febreiro de 1992.

Por todo isto,

### DISPOÑO:

Artigo 1º Realizarán directamente actuacións inspectoras os xefes de Servicio de Inspección Tributaria das delegacións territoriais da Coruña, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Artigo 2º As liquidacións tributarias e os demais actos administrativos que procedan serán dictados polo xefe de Servicio de Inspección Tributaria en funcións de Lugo cando se trate de actuacións realizadas polo xefe de Servicio de Inspección Tributaria da Coruña, polo de Vigo cando se trate de actuacións realizadas polos xefes de Servicio de Inspección Tributaria das delegacións de Ourense e Pontevedra e polo xefe de Servicio de Inspección Tributaria de Pontevedra, cando se trate de actuacións realizadas polo xefe de Servicio de Inspección Tributaria da Delegación Territorial de Vigo.

### Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

### Disposición derogatoria

Queda derogada a tódolos seus efectos a orde da Consellería de Economía e Facenda do 14 de febreiro de 1992.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 1993.

José Antonio Orza Fernández  
Conselleiro de Economía e Facenda

*Resolución do 18 de xaneiro de 1994, da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo número 03/0008440/1993.*

Para os efectos de lle dar cumprimento ó solicitado pola Sala do Contencioso-Administrativo, sección terceira, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en relación co recurso contencioso-administrativo número 03/0008440/1993, interposto por Carmen María Fernández Fernández, Mercedes Prado Castro e María Antonia Fernández Piñeiro contra silencio administrativo a recurso de reposición contra o Decreto 237/1993, do 20 de outubro, que declara a urgente ocupación do alugueiro afectado polas obras de construcción do edificio administrativo de usos múltiples na Ronda da Muralla de Lugo, esta Secretaría Xeral e do Patrimonio resolveu ordena-la remisión do expediente administrativo ó dito tribunal.

O que se notifica para coñecemento xeral de tódalas persoas interesadas no citado expediente, as cales son emprazadas para que poidan comparecer e presentarse en autos no prazo de nove días, segundo dispón o artigo 64 da Lei do 27 de decembro de 1956, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, modificada pola Lei 10/1992, do 30 de abril.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 1994.

Emilio Álvarez Rey  
Secretario xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

*Resolución do 20 de xaneiro de 1994, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo número 5.094/1993, interposto por Gil Matovelle, S.L.*

Para os efectos de dar cumprimento ó solicitado polo presidente da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en relación co recurso contencioso-administrativo número 5.094/1993, interposto por *Gil Matovelle, S.L.*, contra acordo da Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña de 27-4-1993, sobre aprobación, modificación e delimitación da Unidade de Actuación nº 4 (UG 20) do PXOU de Santiago de Compostela, esta consellería resolveu ordena-la remisión do expediente administrativo ó dito tribunal.

O que se notifica para xeral coñecemento de tódalas persoas interesadas no procedemento, e son emprazadas para que poidan comparecer nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de nove días, segundo dispón o artigo 64 da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa, reformada pola Lei 10/1992, do 30 de abril.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 1994.

José Antonio Fernández Vázquez  
Secretario xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

## IV. OPOSICIONES E CONCURSOS UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*Resolución do 4 de xaneiro de 1994 pola que se nomea profesor titular de escola universitaria da área de coñecemento de psicoloxía evolutiva e da educación, do departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación, a Manuel Baña Castro.*

De conformidade coa proposta elevada pola comisión

constituída para xulga-lo concurso, convocado por resolución da Universidade da Coruña, do 10 de marzo de 1993 (BOE do 7 de abril) para a provisión da praza número 93/008 de profesor titular de escola universitaria da área de coñecemento de psicoloxía evolutiva e da educación, do departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación desta universidade, a favor de Manuel Baña Castro, e cumplindo o interesado os requisitos a que alude o artigo 5 do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demás disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Manuel Baña Castro profesor titular de escola universitaria da área de coñecemento de psicoloxía evolutiva e da educación, do departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación desta universidade.

A Coruña, 4 de xaneiro de 1994.

José Luis Meilán Gil  
Rector da Universidade da Coruña

## UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Resolución do 5 de xaneiro de 1994 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de filoloxías galega e portuguesa, do departamento de Filoloxía Galega, a José Luis Regueira Fernández (praza número 1.119/1992).*

De conformidade coa proposta elevada pola comisión constituida para xulga-lo concurso, convocado por resolución da Universidade de Santiago de Compostela, do 2 de decembro de 1992 (BOE do 2 de febreiro de 1993) para a provisión da praza de profesor titular de universidade da área de coñecemento de filoloxías galega e portuguesa, do departamento de Filoloxía Galega desta universidade, a favor de José Luis Regueira Fernández, e cumplindo o interesado os requisitos a que alude o artigo 5 do Real decreto 1.888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demás disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a José Luis Regueira Fernández profesor titular de universidade da área de coñecemento de filoloxías galega e portuguesa, do departamento de Filoloxía Galega desta universidade.

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 1994.

Ramón Villares Paz  
Rector da Universidade de Santiago de Compostela